


*O Alcalde de Vigo*



Sr. D. Alfonso Rueda Valenzuela  
Presidente da Xunta de Galicia  
Edifícios Administrativos - San Caetano s/n  
15704 Santiago de Compostela

Vigo, 16 de setembro de 2024

*Estimado Presidente:*

Estimado Presidente,

Como ben sabes dende o Concello de Vigo estase a realizar un gran proxecto de recuperación urbana do que xa se executou unha primeira fase entre a Porta do Sol e a rúa Elduayen. Esta recuperación histórica supuxo a eliminación da barreira peonil existente entre o Casco Vello Alto e Baixo xerando unha gran praza de encontro cidadá no centro de Vigo.

Agora dende o Concello estase a redactar o proxecto de prolongación do soterramento do tráfico rodado e a mellora do espazo peonil co fin de que o túnel se estenda ata o Paseo de Alfonso XII. Alí sitúase o miradoiro sobre a ría, acadando así unha nova área de convivencia urbana e recuperando a tipoloxía histórica do mesmo.

Esta actuación intégrase na estratexia municipal de consolidación dun modelo urbano sostible económica, social e ambientalmente, recuperando o espazo urbano para as persoas, creando estancias que invitan a vivir o espazo público neste ámbito histórico da cidade, respectando o patrimonio e xerando zonas urbanas de baixas emisións. Trátase, en suma, de mellorar a calidade de vida da cidadanía e a cohesión social.

Á vista da relevancia da actuación e dado que na reunión conxunta celebrada o pasado xuño manifestaches a vontade de cooperación no impulso da cidade é polo que quero solicitarche a participación económica da Xunta de Galicia neste proxecto, que terá un custo estimado de arredor de 20 millóns de euros, a expensas do que recolla o proxecto definitivo.

*O Alcalde de Vigo*

A Xunta de Galicia investiu significativas sumas na cidade da Coruña en similares procesos de renovación urbana.

Dende a nosa reunión recibimos xa a autorización de Patrimonio para este proxecto de soterramento do tráfico rodado, un paso que nos permite priorizalo respecto a outros que necesitaran máis tempo pero que non abandonamos, como o túnel de Beiramar diante do porto pesqueiro.

Agardando a túa resposta á maior brevidade posible, quedo á túa disposición e ao da comisión de traballo de infraestruturas por se fose preciso dar conta do alcance do proxecto con máis detalle.

Recibe un cordial saúdo,

*Mucha aperta*

A handwritten signature in blue ink, reading "Abel Caballero". The signature is written in a cursive style and is positioned above a horizontal line.

Abel Caballero  
Alcalde de Vigo